

ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION O DIA 27 DE ABRIL DE 2018

Asistentes

SR. ALCALDE:

FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ

CONCELLEIROS:

Polo BNG:

MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ
BERNARDO VARELA LÓPEZ
MARÍA ELENA SUÁREZ ESTÉVEZ
MARÍA TERESA DEVESA GRAÑA
ALBERTO CONDE RODRÍGUEZ
MARÍA ISABEL POISA REY
FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO LOSADA
MANUEL CID PÉREZ

Polo PP:

JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ
MARIA DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ

Polo PSdeG-PSOE:

ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ CAMBA

SECRETARIO:

Don Maximino Jardón Pedras

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Allariz, cando son as VINTE HORAS 20.00) do día VISTESE de ABRIL do DOUS MIL DEZAOITO, previamente convocados, reuníronse os Sres. Concelleiros á marxe relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Francisco García Suárez, a fin de celebrar unha sesión ordinaria polo Pleno da Corporación.

Non asisten á sesión:

LUZ DOPORTO REAL, concelleira do PP.

Previamente comunicou a súa ausencia por razóns persoais.

Sen incidencias.

---&&---

ORDE DO DIA

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión celebrada o 16.03.2018.**
2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**

3. **Contratación da subministración dun vehículo non compactador para a recollida dos colectores de residuos.- Adxudicación do contrato á empresa VEICAR.**
4. **Enaxenación de parcelas no parque empresarial de Chorente.- Adxudicación do contrato de alleamento da parcela núm. 78 á empresa IBERGRANITOS, S.L.**
5. **Enaxenación de parcelas no parque empresarial de Chorente.- Adxudicación do contrato de alleamento das parcelas núm. 43 e 48 á empresa VIA NOVA TRANSITARIOS, S.L.**
6. **Moción do BNG solicitando o acondicionamento da rede viaria provincial nos accesos ao parque empresarial de Chorente - Roiriz e da estrada OU-0108, no tramo urbano de A Barreira.**
7. **Moción do BNG sobre o mantemento de pensións dignas para os galegos e as galegas.**
8. **Moción do PsdeG-PSOE sobre a aprobación dunha ordenanza reguladora das vivendas de uso turístico.**
9. **Rogos e preguntas.**

---&&&---

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión celebrada o 16.03.2018.**

Apróbanse, sen modificación alguna, pola unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión, no momento da votación, dos trece que legalmente integran esta Corporación local.

2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**
Están a disposición dos grupos políticos no Libro de Decretos, na Secretaría, sinala o alcalde.
4. **Contratación da subministración dun vehículo non compactador para a recollida dos colectores de residuos.- Adxudicación do contrato á empresa VEICAR.**

Da conta o concelleiro de medio ambiente, Bernardo Varela, sinalando que, como saben os concelleiros a adquisición deste vehículo conta cunha axuda do Ministerio de Medio Ambiente por estar incluído no programa PIMA, e polo que fai ó concello no programa RE, para a recollida selectiva da materia orgánica e tamén como apoio á recollida do vidro especialmente na zona do Casco Histórico para grandes produtores. A proposta da mesa de contratación do 22.03.2018 é a de adxudicar a contratación á única oferta presentada e que cumpre os requisitos acordados.

Polo grupo municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, sinala que tan só quere saber a qué outras empresas se invitou. O seu voto vai ser favorable, indica.

O concelleiro de medio ambiente sinala que se convidou ao concesionario de Iveco, a dous de Renault, e a outros tres mais que agora non ten os nomes.

Visto que con data 23 de febreiro de 2018, polo Pleno desta Corporación acordouse aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, para a subministración dun vehículo non compactador, tipo camión de pequeno tamaño ou furgón, para a recollida dos colectores de residuos, coas características que se definían no prego de prescricións técnicas que figuraba como Anexo do prego de cláusulas administrativas particulares, autorizando, en contía de 30.000 euros, o gasto con cargo á aplicación 1631.624.00 do estado de gastos do orzamento municipal para o exercicio 2018.

Practicadas as correspondentes invitacións ás empresas INTURASA PEREZ RUMBAO, S.A., RENAULT LUIS ARAGONÉS Y CIA, S.L., ROFERVIGO, S.L. (OURENSE), TALLERES PIORASA, S.L., TOMOVIL CUEVAS, S.A., VEICAR, S.L., presentouse unha única oferta pola empresa VEICAR, S.L.

Resultando que a Mesa de Contratación celebrada o día 26 de marzo de 2018, considerando que a oferta presentada axustábase ás prescricións técnicas establecidas, acordou elevar ao órgano de contratación a correspondente proposta de adxudicación.

De conformidade coa proposta da Mesa de Contratación de data 26/03/2018, o Pleno da Corporación pola unanimidade dos once concelleiro presentes na sesión no momento da votación, dos trece que ilegalmente ntegran esta Entidade local, ACORDA:

PRIMEIRO. Adxudicar o concurso público convocado para a contratación da subministración dun vehículo non compactador, tipo camión pequeno ou furgón, para a recollida dos colectores de residuos, á empresa **Vehículos, Equipamientos y Carrocerías Prieto-Puga, S.L. (VEICAR)**, CIF B15134182, polo importe total de 29.645,00 euros (24.500 € + 5.145 € de IVE) e coas seguintes condicións:

- Prazo de garantía: 2 anos totais.
- Potencia de motor: 100 CV.
- Dispoñibilidade de tanque biofuel autogás GLP.
- Capacidade de carga da caixa: 1.000 kg.

SEGUNDO. Dispor o gasto con cargo á partida 1631.624.00 do orzamento vixente de gastos.

CUARTO. Notificar á empresa VEICAR, adxudicataria do contrato de subministración, o presente acordo e citarlles para a sinatura do contrato que terá lugar na Casa do Concello de Allariz dentro do prazo establecido na cláusula décimo cuarta do prego de cláusulas administrativas (15 días hábiles) contados dende o seguinte ó da notificación da adxudicación.

QUINTO. Publicar a formalización do contrato de subministración no Perfil de contratante, e publicar anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense no prazo de corenta e oito días a contar desde a data da presente Resolución.

SEXTO. Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

SÉTIMO. Facultar ao Sr. Alcalde tan amplamente como en dereito proceda para a execución destes acordos así como para a sinatura do correspondente contrato.

4.- Enaxenación de parcelas no parque empresarial de Chorente.- Adxudicación do contrato de alleamento da parcela núm. 78 á empresa IBERGRANITOS, S.L.

Faise unha exposición conxunta dos puntos 4 e 5, se ben, votaranse cada un deles por separado.

Da conta a concelleira de promoción económica, Cristina Cid Fernández, sinalando que a venda das parcelas responde ó obxectivo marcado polo concello de apostar pola promoción económica e pola diversificación productiva no que o parque empresarial xoga un papel importante. Se ben os anos de crise económica fan que moitas empresas teñan dificultades, o concello celebra que o parque empresarial siga asentando empresas e que o siga facendo de forma continuada a pesar desta situación. O importante nesta ocasión non é tanto a superficie vendida como que empresas que xa están instaladas teñan como obxectivo ampliar a súa actividade económica o cal sempre é unha boa noticia para Allariz e a súa economía. En definitiva, a proposta que se fai ó Pleno é a da mesa de contratación que, nun caso (apartado nº 4) propón o alleamento da parcela núm. 78 á empresa Ibergranitos, SL, e

noutro (apartado nº 5) propón o aleamento das parcelas núm. 43 e 48 á empresa Via Nova Transitaris, SL.

Polo grupo municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, sinala que, independentemente do desacordo que xa manifestaron con respecto ó título do prego de condicións que podía inducir a confusión, o seu grupo vai votar favorablemente as propostas de adxudicación e congratúlase de que veñan novas empresas ó parque empresarial de Allariz.

Visto o expediente de licitación (B2018.01), convocada por acordo do Pleno da Corporación na sesión do 23 de febreiro de 2018, mediante procedemento aberto, cun único criterio de adxudicación, ao mellor prezo, para enaxenar ao prezo mais alto (poxa pública), da parcela n.º 78, de propiedade municipal, descrita no Anexo I do prego, sita no Parque Empresarial de Chorente (SUI-1) de Allariz, con destino a usos industriais, conforme aos anuncios de licitación publicados no BOP nº 59, de 13 de marzo de 2018 e no Perfil do Contratante do Concello de Allariz, na páxina web www.allariz.com.

Visto que durante a licitación presentouse unha única proposición segundo consta no expediente.

Visto que con data 23 de marzo de 2018 constituíuse a Mesa de contratación, e ésta realizou proposta de adxudicación a favor do único licitador presentado cun único criterio de adxudicación ao prezo mais alto; examinada a documentación que a acompaña e dacordo coa mesma e de conformidade co establecido no artigo 135.3 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

De conformidade coa proposta da Mesa de Contratación

O Pleno, pola unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión, no momento da votación, dos trece que legalmente integran esta Corporación local, ACORDA:

PRIMERO. Declarar válida a licitación e adxudicar o contrato de alleamento da parcela indentificada co números 78 do Parque empresarial de Chorente SUI-1 de Roiriz, Allariz, á mercantil IBERGRANITOS, S.L., con CIF B32367575, representada neste acto por D. Santiago Álvarez Fernández, con domicilio a efectos de notificacións en Allariz, Parque Empresarial de Chorente, Sector H, parcela 3, polo prezo de OITENTA E UN MIL EUROS (81.000,00€) e DEZASETE MIL DEZ EUROS (17.010,00€) correspondentes ao Imposto sobre o Valor Engadido (21%).

TERCEIRO. Publicar a adxudicación do contrato mediante anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* e no Perfil de Contratante.

CUARTO. Delegar expresamente no Alcalde para que, no nome e representación do Concello de Allariz e do órgano de contratación expida e asine cantos documentos sexan necesarios para a completa execución deste acordo, e mesmo outorgue as escrituras de compravenda que corresponda, unha vez que, polo adxudicatario, se deposite o ingreso do importe da adxudicación na conta bancaria do Concello, quedando sen efecto o presente acordo se non se acredita o pago da adxudicación nos termos comprometidos.

5.- Enaxenación de parcelas no parque empresarial de Chorente.- Adxudicación do contrato de alleamento das parcelas núm. 43 e 48 á empresa VIA NOVA TRANSITARIOS, S.L.

Visto o expediente de licitación (B2018.02), convocada por acordo do Pleno da Corporación na sesión do 23 de febreiro de 2018, mediante procedemento aberto, cun único criterio de adxudicación, ao mellor prezo, para enaxenar ao prezo mais alto (poxa pública), das parcelas n.º 43 e 48, de propiedade municipal, descritas no Anexo I do prego, sitas no Parque Empresarial de Chorente (SUI-1) de Allariz, con destino a usos industriais, conforme aos anuncios de licitación publicados no BOP nº 59, de 13 de marzo de 2018 e no Perfil do Contratante do Concello de Allariz, na páxina web www.allariz.com.

Visto que durante a licitación presentouse unha única proposición segundo consta no expediente.

Visto que con data 23 de marzo de 2018 constituíuse a Mesa de contratación realizando proposta de adxudicación a favor do único licitador presentado cun único criterio de adxudicación ao prezo mais alto; examinada a documentación que a acompaña e dacordo coa mesma e de conformidade co establecido no artigo 135.3 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

De conformidade coa proposta da Mesa de Contratación

O Pleno, pola unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión, no momento da votación, dos trece que legalmente integran esta Corporación local, ACORDA:

PRIMERO. Declarar válida a licitación e adxudicar o contrato de alleamento do lote único constituído polas parcelas indentificadas cos números 43 e 48 do Parque empresarial de Chorente SUI-1 de Roiriz, Allariz, á mercantil VIA NOVA TRANSITARIOS, S.L., con CIF B32424137, representada neste acto por D. José Manuel Blanco González, con domicilio a efectos de notificacións en Allariz, Parque Empresarial de Chorente, Fase II, polo prezo de NOVENTA MIL EUROS (90.000,00€) e DEZAOITO MIL NOVECIENTOS EUROS (18.900,00€) correspondentes ao Imposto sobre o Valor Engadido (21%)

TERCEIRO. Publicar a adxudicación do contrato mediante anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* e no Perfil de Contratante.

CUARTO. Delegar expresamente no Alcalde para que, no nome e representación do Concello de Allariz e do órgano de contratación expida e asine cantos documentos sexan necesarios para a completa execución deste acordo, e mesmo outorgue as escrituras de compravenda que corresponda, unha vez que, polo adxudicatario, se deposite o ingreso do importe da adxudicación na conta bancaria do Concello, quedando sen efecto o presente acordo se non se acredita o pago da adxudicación nos termos comprometidos.

6.- Moción do BNG solicitando o acondicionamento da rede viaria provincial nos accesos ao parque empresarial de Chorente - Roiriz e da estrada OU-0108, no tramo urbano de A Barreira.

Da conta o propio Alcalde do texto da moción presentada nos seguintes termos:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ampliación do Parque Empresarial de Chorente-Roiriz ten propiciado un importante incremento de empresas nas parcelas dispoñibles consolidando a oferta industrial de Allariz con máis de 380 empregos directos.

Moitas destas empresas necesitan un acceso para o tránsito de camións e vehículos pesados que nun tramo aproximadamente de 370 metros da estrada provincial OU-0101 non se cumpre. O Concello de Allariz ten a dispoñibilidade de terreos necesarios adquiridos para proceder o acondicionamento deste tramo que entronca cos accesos ao Parque Empresarial de Chorente-Roiriz.

A ampliación da traza actual deste viario, a construción de beiravías, o remate do entronque e a nova capa de rodadura e pintado son obras necesarias e urxentes polas razóns expostas para favorecer o desenvolvemento das actividades económicas que a rede viaria da Deputación Provincial de Ourense debe garantir.

Asimesmo a estrada OU0108 no tramo urbano de A Barreira precisa un acondicionamento para a realización do proxecto de camiño escolar como vía de acceso peonil ao Colexio Padre Feijoo e tamén para eliminar as deficiencias que presenta a capa de rodadura entre os Salesianos e o entronque con E. Pardo Bazán.

O tramo urbano deste vial provincial nun entorno tan significativo para Allariz como é o Campo da Barreira onde se celebran as feiras, as festas e múltiples eventos precisa dunha remodelación urxente.

Por todo o anteriormente exposto sométese a consideración do Pleno da Corporación Municipal o seguinte

ACORDO

1.- O Pleno Corporación Municipal de Allariz solicita da Deputación Provincial de Ourense no marco de colaboración entre as dúas administracións públicas a adecuación da rede viaria da Deputación Provincial no presente exercicio 2018 nos tramos sinalados da OU0101 no acceso ao Parque Empresarial de Chorente-Roiriz e da OU 0108 no Campo de A Barreira.

2.- O Pleno da Corporación Municipal de Allariz pon a disposición da Deputación Provincial de Ourense os terreos necesarios para proceder a ampliación do tramo acceso ao Parque Empresarial de Chorente - Roiriz.

Polo grupo municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, sinala que os dous tramos de estrada incluídos presentan diferentes situacións. O tramo da estrada OU-101 están de acordo coa súa adecuación, tendo en conta as necesidades actuais do parque empresarial, se ben hai que ter en conta as causas do deterioro do firme do vial. Basta comparar a situación deste tramo co tramo restante a partir do entronque co parque empresarial para ver que a situación da estrada nun tramo e noutro é totalmente diferente. Un exemplo comparativo dáno-lo as obras do Ave nas que estase producindo un deterioro importante nos tramos das vías próximas ás obras que se están facendo. Ese deterioro foi producido por vehículos pesados que se utilizan nas obras do trazado do Ave, en consecuencia soliciouse ás empresas concesionarias que fixeran fronte ás consecuencias do deterioro producido polos vehículos que traballan para elas. No caso do noso parque empresarial, hai algunha empresa que está utilizando camións de gran tonelaxe que contribúen de forma decisiva a ese deterioro. Por ese motivo deberíase solicitar por parte do concello a esas empresas que fagan fronte ás consecuencias desa utilización. É entendible que as empresas traten de obter beneficios pero entre os seus gastos teñen que figurar os correspondentes ós deterioros ocasionados de forma especial nas vías públicas que superan os deterioros polo uso normal e ordinario. A pesar delo, o seu grupo político vai votar favorablemente, pero insta ó concello para que entable conversacións coas empresas que están a contribuir de forma fundamental ao deterioro deses tramos viarios para que compensen de algunha maneira, porque isto mesmo está ocorrendo na propia estrada nacional. Está ben dispoñer do vial, utilízalo, pero se hai un deterioro especial hai que contribuir dalgunha maneira á súa reparación.

En canto ó tramo da OU-108 á altura da Barreira é un caso totalmente distinto, é cree que é o momento de proceder ó cambio do pavimento utilizado na calzada. Agora mesmo o pavimento é o propio dunha estrada. Ese tramo forma parte do Histórico e está facendo visualmente, ou funcionalmente, unha separación entre o Campo da Barreira e o resto. Debería dárselle unha solución integradora ao conxunto entre a Barreira, o Couto, Convento, co resto do Casco Histórico de forma que a unidade do conxunto histórico resulte favorecida. Niste caso, tamén van votar a favor.

O Alcalde agradece o apoio por parte do Partido Popular a esta proposta en beneficio dos veciños e veciñas de Allariz, tamén do seu desenvolvemento económico e social, simplemente hai que precisar que as deficiencias que se aprecian no acceso ó parque empresarial non son tanto froito do uso intenso dunha vía, que evidentemente sempre conleva un deterioro, niste caso, mais ben, estamos a falar do ensanchamento da propia vía, como se ten feito no acceso ó resto do parque empresarial con capas de rodadura novas. No tramo de que estamos a falar, duns 370 m, o concello xa adquiriu os terreos necesarios para facer ese ensanche nas debidas condicións de seguridade, sen perxuro de que para o futuro haxa que estar vixiantes en relación ó deterioro que se poda ocasionar se non se adecuaba á vía e ás condicións de uso, pero niste caso o que procede é facer o ensanchamento e afirmado adecuados ó tipo de vehículos que circulan por ese tramo da rede viaria. En relación ás consideracións que se establecen con respecto ó tramo da OU-108 está absolutamente de acordo, precisamente no proxecto que se prantexou á Deputación figuraba o adoquinado desta zona, mesmo con cores diferentes para visualizar e ter a percepción parte dos usuarios de que están a circular por tramo urbano, non por unha estrada, e polo tanto produciríase unha minoración da velocidade, ademais da integración co resto do conxunto histórico.

[Niste intre incorpórase á sesión a concelleira do PsdeG-PSOE, Zaida A. Rodríguez Camba].

Sometido o asunto a votación aprobouse a moción presentada por acordo da maioría absoluta cos votos favorables do BNG (9) e Partido Popular (2), coa abstención do PSdeG-PSOE (1).

7.- Moción do BNG sobre o mantemento de pensións dignas para os galegos e as galegas.

Da conta a concelleira de promoción económica e 1ª Tte de alcalde, Cristina Cid Fernández, do seguinte texto que contén a moción presentada nos seguintes termos:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As dúbidas que se están a xerar arredor da viabilidade do sistema público de pensións son interesadas para favorecer precisamente os plans privados e seguir no camiño de recorte das pensións públicas. No Bloque Nacionalista Galego, asistimos con preocupación as novas propostas que está a facer o Goberno español, como a ampliación do cómputo de cálculo a toda a vida laboral, que afondan na mesma liña. O traballo a realizar ten que ir xusto na dirección contraria, na de recuperar os dereitos eliminados nos últimos anos coa excusa da crise.

As reformas laborais promovidas, durante os anos 2010, 2011 e 2012, por gobernos do PSOE e PP, respectivamente, con diferentes niveis no seu contido e importancia, afondaron na liña neoliberal de individualización e desrregulación das relacións laborais. Atrasouse a idade de xubilación aos 67 anos, ampliouse a 25 o número de anos para calcular a base reguladora, adiantouse a aplicación do factor de sostibilidade ao 1 de xaneiro de 2019, atrasouse a idade de acceso á xubilación anticipada, dificultouse o acceso ao subsidio de desemprego establecendo límites económicos de miseria para ter dereito ao mesmo e atrasouse a idade de acceso dos 52 aos 55. En definitiva, medidas todas orientadas a dificultar o acceso e reducir a contía das prestacións do sistema público de protección social, ao tempo que se fomenta a súa privatización.

Estas medidas son especialmente mesquiñas en Galiza. Primeiro porque temos as pensións máis baixas do Estado español, e unha maior porcentaxe de pensionistas en relación á súa poboación, as pensións son o único ingreso que entra en moitos fogares, son miles os que só teñen ingresos procedentes de prestacións das que as pensións son unha parte fundamental, e segundo porque se suma a outras medidas tamén tremendamente inxustas, como son o copago polos medicamentos, polas residencias, a suba do iva, da auga, da luz, dos carburantes...Hoxe temos un empobrecemento maior dos pensionistas, case o 60% das pensións galegas están por baixo do salario mínimo, a media está máis de 15-20 puntos por baixo da do Estado, sendo especialmente preocupante a situación das mulleres xa que 1 de cada 4 mulleres maiores de 65 anos está por baixo do umbral da pobreza.

O debate sobre a sostibilidade do sistema de pensións públicas ven de lonxe. Desde hai anos veñen prognosticando a súa creba e promovendo os sistemas privados xestionados polos bancos. A razón é moi sinxela, por un lado o interese de recortar a administración pública, por outro a de transferir ao sistema privado a xestión dun volume de capital formidábel derivado dos fondos de pensións públicas. Desde o comezo da década dos 90, o debate internacional sobre a reforma dos sistemas de pensións estivo dominado polas teorías xurdidas na contorna do Banco Mundial, o Fondo Monetario Internacional e a OCDE, que defenden fortes recortes nos sistemas públicos de pensións, acompañados da capitalización individual a través do sector privado.

O argumento central é que o sistema de pensións é insostíbel. As razóns que presentan son que a esperanza de vida aumenta progresivamente ao mesmo tempo que hai menos cotizantes por causa da caída da poboación activa. A partir desta idea estenden a alarma social pregoando que a longo prazo non haberá diñeiro para pagar as pensións públicas.

O obxectivo é favorecer a privatización das pensións e permitir ao capital financeiro xestionar inxentes aforros a través dos fondos de pensións privados con destino aos mercados financeiros globais.

Estamos diante dunha decisión ideolóxica onde o poder toma a decisión de atacar os dereitos dos sectores máis desfavorecidos, os que están a padecer con máis dureza a crise para potenciar os plans de pensións privados e drenar aínda máis cartos dos impostos de todos para os bancos.

O sistema de pensións público é un dos obxectivos da axenda neoliberal desde hai décadas. Estamos a falar dun calculado e continuado proceso de dismantelamento do dereito do traballo a prol da parte máis forte nas relacións laborais, a prol do capital.

Por todo o anteriormente exposto, sométese a consideración do Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno español para que proceda a:

- *Derrogación das reformas laborais, e en especial: Real Decreto Lei 10/2010, de 16 de junio, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, a Lei 35/2010, de 17 de setembro de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo, Real Decreto-Lei 20/2012 do 19 de xullo, Real Decreto-lei 3/2012 de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, o Real Decreto-lei 5/2013 de 15 de marzo de "medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo, o Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego. Así como de todas a demais normativas que as desenvolven.*
- *Á aprobación dunha nova lexislación laboral e social que restituía os dereitos perdidos como consecuencia das sucesivas contrarreformas laborais que favoreza dereitos e regulacións novas que melloren as condicións de vida e de traballo e fortalezan á clase traballadora diante do capital, para favorecer a creación de emprego de calidade como mellor vía para garantir ingresos que permitan o pago das pensións.*
 - o *Recoñecendo o dereito á xubilación ordinaria aos 65 anos.*
 - o *Estabelecer o cálculo da base reguladora polas bases de cotización dun período de quince anos da súa vida laboral a elixir pola traballadora ou traballador.*
 - o *Estabelecer o cálculo da base reguladora polas bases de cotización dun período de 15 anos da súa vida laboral.*
 - o *Estabelecer o importe da pensión mínima no equivalente ao 60% do salario medio.*
 - o *Estabelecer a actualización anual en base ao IPC.*
 - o *Eliminar as penalizacións e discriminacións no acceso á pensión das persoas empregadas a tempo parcial.*
 - o *Reclamar para Galiza a xestión da Seguridade Social, como xa contempla o Estatuto de autonomía.*
 - o *Demandar que as empresas, con centro de traballo en Galiza paguen os impostos e as cotización sociais aquí.*

2. Instar á Xunta de Galiza a incrementar a contía do "Fondo extraordinario, perceptores subsidios e pensións non contributivas", de xeito que cada persoa prestataria de pensión non contributiva perciba un incremento de 100 euros mensuais na mesma.

Polo grupo municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, sinala que o compromiso cos pensionistas escríbese con feitos non con demagogia nin con discursos populistas. Nos anos de goberno do Partido Popular nin se conxelaron nin se recortaron as pensións. Coa misión de evitar o rescate, conseguíuse que España fora o único país que estaba máis afectado pola crise económica que non tivo que recortar as pensións. Grecia, Irlanda ou Portugal tiveron que acometer recortes de ata o 40% das pensións. Agora hai máis pensións. O número de pensións contributivas ascende a 9.570.000, un 7,97% máis que no 2011. As pensións tamén son máis altas, a pesar do que manifesta a Tte de alcalde. A pensión media de xubilación supera os mil euros, concretamente está en 1.077 euros. Estes son datos, afirma. Desde decembro do 2011 incrementouse un 16,73%. E hai máis pensións que nunca, 600 mil pensións máis que no 2011. Desde 2007 o gasto en pensións contributivas incrementouse o 53%, pasando de 79 mil millóns de euros a 122.700 millóns de euros. Desde que goberna o Partido Popular houbo un cambio importante. Nos anos anteriores as pensións estaban conxeladas, agora increméntanse todos os anos. Se se aproba a lei dos orzamentos para o 2018 haberá unha subida do 1,6% e o ano que ven incrementárase co IPC. A pesar da crise económica e das dificultades dos últimos anos, desde o 2007 os pensionistas españois manteñen o poder adquisitivo. O incremento acumulado de inflación foi de 16,5 puntos. As pensións creceron 16,53%, é dicir, van mantendo o poder adquisitivo. Un

dato moi significativo é o que se chama a taxa de substitución das pensións en España, é dicir, a ratio que establece a relación entre a percepción por pensións e a percepción por soldos, en comparación cos restantes países da UE. En 2013 esa proporción era a cuarta mellor da Unión Europea, no 2017 xa foi a segunda dos países da OCDE. Hai que situarse un pouquiño, afirma, non facer demagogia con este tema. A taxa de risco de pobreza dos xubilados de mais de 65 anos tamén se reduciu a mais da metade. Os reais decretos e a lei que o BNG pretende derrogar son precisamente os que permitiron manter o sistema de pensións. No 2011, por cada nova pensión, perdíanse 3 afiliados, no 2017 invertíuse totalmente a situación, por cada nova pensión creáronse 6 empregos, é dicir, en lugar de destruírse 3 empregos creáronse 6 por cada nova pensión. Por iso, no 2017 o 94% das pensións páganse con emprego, que é a forma de pagar as pensións, 1,5 puntos mais que o ano anterior. Con casi 1 millón menos de afiliados antes da crise económica os ingresos por cotizacións sociais serán os mais elevados da historia, estarán ó redor dos 110 mil millóns de euros, que xa cubren casi o 100% das necesidades, e por primeira vez desde o ano 2008, no 2017 os ingresos por cuotas crecerán por encima do custo das pensións, crecerán un 5,3% en lugar do 3% que van subir as pensións, o que indica o camiño de volta ó equilibrio. Estes son feitos, non palabras para a galería, conclúe.

Polo grupo municipal socialista, a súa portavoz, Zaida A. Rodríguez Camba, sinala que o sistema público de pensións constitúe a política con maior capacidade de redistribución e redución das desigualdades, concretamente o 46%, pero as políticas do PP representan unha seria ameaza para este sistema público de pensións que tanto costou construír. Coas súas políticas o goberno de Rajoy está a pór en perigo a sustentabilidade económica das pensións que entraron nun período de déficits constantes e crecentes e cun mecanismo de revalorización que se desvincula do poder adquisitivo e co factor de sustentabilidade que axusta o importe da pensión en función da esperanza de vida, condénase ós pensionistas a un progresivo empobrecemento. Todo isto fixérono mediante a imposición, sen diálogo social, e rompendo unilateralmente o consenso do pacto de Toledo. Con estas políticas o PP está preparando o camiño para os fondos privados en detrimento do sistema público da seguridade social. Os resultados desta política están á vista: progresiva perda do poder adquisitivo das pensións, sensación de incerteza dos actuais xubilados sobre se o Estado será capaz de pagar as súas pensións nos próximos anos, sentimento de inxustiza naqueles que contribúen ó sistema pero dubidan de que aquél lles poida proporcionar unha pensión digna nun futuro a dez anos ou vinte anos vista, e desesperanza casi absoluta por parte da mocidade en que algún día poidan contribuir e ser protexidos polo sistema. O PP está laminando o sistema público de pensións sometendo a un expolio permanente o Fondo de Reserva da Seguridade Social. O déficit foi compensado por retiradas masivas do Fondo de Reserva que, de contar con 66.815 millóns de euros a finais do 2011 situouse a día de hoxe en 8.095 millóns de euros e que se non se esgotou totalmente foi como consecuencia dun préstamo de 10.192 millóns de euros do Estado á Seguridade Social contido na Lei dos Orzamentos Xerais do Estado do 2017. A iso hai que engadir ademais as cantidades retiradas do fondo de mútuas por importe de 8.621 millóns de euros nestes anos.

En definitiva, necesitáronse fondos por importe de 93.251 millóns de euros adicionais ás cotizacións para poder facer fronte ó pago das pensións no período 2012-2017. O ano 2018 comenzo na mesma liña e o PP no canto de expor medidas serias no marco do Pacto de Toledo e no diálogo social decidiu endebedar á Seguridade Social cun crédito de 15 mil millóns de euros. No Partido Socialista consideramos que o dereito ás pensións e o acceso ó sistema da seguridade social debe considerarse un dereito constitucional e ser incorporado como tal na reforma da Carta Magna que se propón. Para iso propoñen medidas destinadas a garantir o futuro do sistema público de pensións recuperando o Pacto de Toledo e o diálogo social, aprobando un novo Estatuto dos Traballadores que promova novos dereitos laborais e emprego de calidade, establecendo unha fonte complementaria de financiamento das pensións a cago dos orzamentos xerais do Estado como ocorre na maioría de países da nosa contorna. Milleiros de pensionistas están nestes días na rúa clamando por unhas pensións públicas dignas pero o PP como sempre non escoita. Por todo elo, propón unha transaccional que foi presentada previamente por escrito. No turno de réplica, a portavoz do BNG e 1ª Tte de Alcalde, Cristina Cid Fernández, sinala que despois de escoitar ó Partido Popular a verdade é que con estas cifras acaba convencida, efectivamente, da benevolencia do Partido Popular e asumindo que cando centos de milleiros de xubilados saen á rúa fanno por prescripción médica porque camiñar é moi sano e aproveitan para emular o maio do 68 e se adican a protestar por ter unha vida mais activa e corear consignas en contra do que está a suceder. Que haxa un incremento das aportacións ó sistema de pensións dos que pagamos cada mes ó Estado non significa que cobren mais os pensionistas senón que temos mais pensionistas agora mais dos que había antes. Unha cuestión importante en Galicia onde temos concellos onde non queda poboación activa, concellos enteiros onde a poboación é pensionista. Se non temos un problema enriba da mesa e as cifras son as que di o Partido Popular verdadeiramente xa non sabemos cál é o motivo polo que saen á rúa os

pensionistas. Subir o 0,25% é igual que rebaixar as pensións, afirma, ou polo menos é igual que mantelas; pero ó mesmo tempo o que o BNG explica na súa moción é que o custe da vida subiu substancialmente nestes últimos anos, e polo tanto o poder adquisitivo dos nosos xubilados e xubiladas non é o mesmo. Porque todos pagamos o recibo da luz cada mes, o IVE cada día, e polo tanto a cantidade que destinamos con eses ingresos que temos é infinitamente superior á que se facía anteriormente. Se a esto se lle engade que aquelas persoas que se incorporan ó mercado laboral ou que xa estaban no mercado laboral pero que viron reducidas as súas nóminas e os seus salarios están saíndo a fin de mes grazas ós pensionistas que teñen na familia, ó final son eles quen os sosteñen o denominado estado do benestar. Dicar que estamos nunha situación mellor semella dicir que os nosos xubilados se aburren e polo tanto saen á rúa por unha cuestión melancólica. Tamén bota en falta que por parte do Partido Popular non haxa unha referencia explícita ó que está a suceder eiquí porque en Galicia temos dos salarios máis baixos do Estado e tamén as pensións máis baixas, o cal debería merecer unha reflexión seria e profunda de por qué isto é así. Porque se falamos de solidariedade e de cooperación interterritorial e dun Estado que a todos nos protexe, como se afirma a miúdo, sería moi conveniente que os nosos xubilados e pensionistas tiveran algunha corrección para que dalgunha maneira esa situación que levamos vivindo durante moitos anos teña unha fórmula de corrección. Non temos que resignarnos, sinala, a que as empresas que traballan en Galicia coticen en Madrid e os nosos salarios sexan máis baixos e as nosas pensións sexan máis baixas. O BNG, afirma, ten asistido ás propostas de reforma que se presentan por parte do Partido Socialista (poden estar de acordo coas enmendadas que se presentan, en moitos dos seus puntos, engade) pero de verdade que esas recomendacións que se fan desde o Banco Mundial ou desde o FMI sí que foron recollidas por gobernos do Partido Socialista, p. ex. na reforma do 2011, e polo tanto, os cambios que se fixeron tamén foron promovidos por pactos entre PSOE, CCOO e UXT. Está de acordo con moitas das cuestións que se prantexan pero tamén é verdade que a esta situación non chegamos só con gobernos do PP, tamén se chega con gobernos do PSOE, afirma. Reitera, por tanto, o exposto na moción, e reitera tamén o que se está a vivir cada día en canto a que o goberno anima diariamente á subscripción de plans de pensións privados que parecía que era o camiño trazado xa desde os anos 90 que nos está levando á situación que nos está levando unha situación agravada pola crise económica pero tamén que ten servido como coartada para tomar medidas que antes da década dos 90 ninguén se atrevería a tomar. Nin por parte dos gobernos do Partido Popular nin do Partido Socialista, afirma, aumentando a idade de xubilación ós 67 anos ou prexubilacións por parte de a banca ou grandes empresas rescatadas con fondos públicos, non se houberan atrevido a tomar moitas destas medidas que agora afectivamente a crise económica propiciou que se atreveran a facer o que antes non se atreveran. O BNG, como considera que hai que desandar os pasos que se deron, apoia a moción e anuncia o voto favorable.

No turno de réplica, por parte do grupo municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, sinala que non deixa de ser paradóxico que un dos municipios con maior presión fiscal da provincia se preocupe por outras subidas impositivas que hai noutros eidos impositivos. No que sí están de acordo é que se necesita máis xente cotizando e non estaría mal que o BNG recoñecera que agora está habendo máis xente cotizando e tamén están de acordo en que os cotizantes teñan mellores salarios para contribuir cuns maiores ingresos. Pero hai dous pasos: ter maior xente cotizando e un segundo paso, que coticen en mellores condicións. Con todos os respetos, sinala, non deixan de ser palabras, o que compre son datos e feitos. Para manter o sistema é necesario, afirma, conseguir un equilibrio entre cotizantes e pensionistas; os expertos din que esa relación debe andar aproximadamente de 2 a 1, dependerá tamén dos ingresos medios, dos cotizantes e do que cobren os pensionistas, pero esa é unha proporción de referencia. Desde o final da crise económica creáronse dous millóns catrocentos mil postos de traballo. Isto é fundamental. Sen eses postos de traballo non hai nada que facer. Antes, coa política do presidente Zapatero chegamos ata 3.700.000 de postos de traballo perdidos, esa non é a solución. Por ahí non vamos a ningún lado, afirma. A segunda parte é mellorar as percepcións retributivas dos cotizantes, pero se non hai máis cotizantes non hai solución. Hoxe xa se cumpre o 94,1% coas cotizacións coas que van cobrar os pensionistas, eso é debido a que hai máis xente cotizando. Se non se quere recoñecer é outra cousa pero os datos están ahí. Esa creación de emprego apóiase no crecemento económico. As previsións apuntan a que se manteñen os índices de crecemento dos últimos anos. O que permitirá seguir creando emprego para chegar ós vinte millóns de empregados que nos permitirán consolidar o sistema de pensións. Esa é outra cifra de referencia. O camiño contrario é o que nos leva á debacle, a que nos levou á conxelación das pensións con Rodríguez Zapatero, e non hai máis que fixarse nos titulares de prensa de entón. Hai dous camiños, sinala, crecemento económico e por conseguinte crear máis cotizantes. O segundo paso é mellorar as condicións dos asalariados. Finalmente, o concelleiro aboga para que todos os partidos volvan ó Pacto de Toledo para chegar a un acordo entre todos e tratar de consolidar o tema das pensións pero o camiño xa está medio andado.

Polo grupo socialista, a súa portavoz, Zaida A. Rodríguez Camba, quere saber en primeiro lugar se por parte do grupo municipal do BNG se van aceptar algún dos puntos propostos polo grupo socialista no escrito de transaccións ou se polo contrario van rechazar a enmenda completa.

Explica o Alcalde que a moción que se debate é a do BNG e como xa explicou a portavoz do BNG hai aspectos nos que hai coincidencia. Hai coincidencia en que se manteña o incremento das pensións en relación ó IPC, que ó mesmo tempo haxa en relación ó fondo das pensións unhas previsións que impidan o seu vaciado e o desfalco como fixo o goberno do Partido Popular, que haxa aspectos de incrementar os ingresos do sistema trasladando ós orzamentos diferentes conceptos e partidas. No que non están de acordo é co argumento expresado de que o sistema das pensións se por este simple incremento das afiliacións estivera garantido non habería a polémica que temos, elo é así porque se ben o número de afiliacións cuantitativamente é importante, sen embargo cualitativamente non van asegurar unha boa pensión ós cotizantes. Recentemente publicáronse enquisas de que as persoas duns 45 anos desconfiaban sobre cal iba ser o seu grao de cobertura por parte da Seguridade Social para as pensións, o cal é indicativo de que se cada vez o período de cotización cada vez é maior e se une á precariedade dos salarios pois é difícil que o sistema sexa sostible. Isto parte das reformas laborais que propiciaron este tipo de contratos, se non se derrogan para entrar nun emprego de calidade, se non se vai a unha fórmula que permita darlle solucións estruturais non se percibe unha boa saída, porque a solución que se ofrece de ir a plans privados son saídas para persoas que teñan moito diñeiro, que teñan capacidade de poder facelos porque con salarios de mileuristas é difícil.

O concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, José Daniel Rodicio Pérez, interrompe a intervención para prantexar unha cuestión de orde: solicita ter coñecemento da enmenda presentada polo grupo socialista.

Esa transacción foi presentada, explica o Alcalde, directamente ó propio concello despois da convocatoira do Pleno e polo tanto non pudo estar a disposición. Emplaza á portavoz do grupo socialista para que faga despois unha explicación da enmenda presentada se o considera.

Para rematar a súa intervención, o Alcalde, contestando á portavoz do grupo socialista, todas aquelas que teñen que ver co mantemento da regulación laboral existente non as aceptarían. Todas aquelas que van na liña argumental que xa expresou a portavoz do BNG en relación ó mantemento do poder adquisitivo, do IPC, dos fondos que se poden cargar directamente ós orzamentos do Estado, con todos eses apartados o BNG está de acordo, sinala. Cos outros aspectos non estarían de acordo.

Seguidamente, a portavoz do grupo socialista procede á lectura da enmenda transaccional presentada nos seguintes termos:

EMENDA

1. Volver ao consenso de 2011 derogando todos os cambios legais introducidos ao longo da legislatura 2011-2015: a regulación da xubilación anticipada do RDL 5/2013 e, de forma íntegra, a Lei 23/2013, reguladora do Factor de Sustentabilidade e do Índice de Revalorización do Sistema de Pensións da Seguridade Social.
 2. Garantir o poder adquisitivo das pensións, recuperando a actualización das mesmas conforme ao IPC.
 3. Eliminar o factor de sustentabilidade establecido polo PP na Lei 23/2013, que reducirá as pensións de xubilación en función da esperanza de vida da cohorte correspondente a partir do 1 de xaneiro de 2019.
 4. Racionalizar os gastos do sistema, desprazando aos Orzamentos Xerais do Estado 2018 aqueles que non corresponden a prestacións, como os seguintes gastos entre outros:
 - a. As medidas de fomento do emprego (reducións de cotas, tarifas planas, etc.). Se se considera necesario manter algunha debería ser pola vía de bonificacións e a cargo do PGE.
 - b. Os gastos de xestión das Entidades Administrativas da Seguridade Social, do mesmo xeito que se fai co resto de organismos públicos.

- 5.** Incrementar os ingresos do sistema:
 - a.** Complementando o financiamento da Seguridade Social, entre outras medidas, con ingresos procedentes de impostos destinados anualmente a completar os ingresos por cotizacións ata que estes vólvanse a equilibrar dentro do sistema, por exemplo novos impostos extraordinarios á banca e ás transaccións financeiras. Pensamos que se toda a sociedade española contribuíu ao rescate das entidades financeiras, este imposto ha de servir para contribuír ao rescate do sistema público de pensións.
 - b.** Intensificando a loita contra o emprego irregular e a fraude á Seguridade Social.
- 6.** Mellorar a natureza protectora do sistema modernizando a xestión do Fondo de Reserva a través dunha mellora da súa regulación, recuperando o establecemento de límites á disposición de fondos con carácter anual.
- 7.** Adoptar medidas específicas para ir eliminando progresivamente a brecha próxima ao 40% existente entre a contía das pensións dos homes e das mulleres (déficit de xénero):
 - a.** Aprobación dunha Lei de Igualdade Laboral co fin de eliminar a brecha salarial, e por tanto de cotizacións, que acaba derivando en pensións máis baixas.
 - b.** Recuperar a iniciativa lexislativa socialista, incluída na Lei 27/2011 de incrementar a pensión de viuvez para maiores de 65 anos que non reciban outra pensión pública ata alcanzar o 60% da base reguladora, medida que afecta de maneira maioritaria ás mulleres.
- 8.** Introducir no Pacto de Toledo, un novo principio de “reequilibrio orzamentario”, un concepto que implica unha procura constante de racionalización de gastos e de axuste de ingresos cada ano, e que terá efectos no medio prazo e ata finais dos anos 40 do século XXI.

Intervén a continuación o Alcalde para sinalar que o BNG está disposto a aceptar os puntos que van en sintonía co que xa se expresou anteriormente, os puntos n.º 2, 3, 4, 6 e 7. Niste sentido cree que non se corresponde coa realidade por parte do grupo popular non recoñecer que o Estado español sufriu un rescate a todos os efectos e que propiciou que, por ese rescate bancario, houbera un recorte de dereitos e conquistas sociais, entre outras, tamén en relación ás pensións, non só subiu o IVE ó 21%, establecéronse os copagos farmacéuticos e sanitarios, recorte en servizos básicos como é a sanidade e a educación, e en relación ás pensións propiciouse esa situación que ó final é a que está provocando as movilizacións e as demandas e as reivindicacións dos pensionistas nas rúas e que, por certo, en relación á suba en base ó IPC hai que agradecerlle ó PNV que incluíra esa enmenda nos orzamentos para que cambiara a posición que o Partido Popular tiña e que mesmo tiña expresado que non podía admitirse a suba en base ó IPC nin podía admitirse garantir o poder adquisitivo das pensións porque se eliminaría o sistema. Quen mais vai poñer en perigo a posibilidade de manter as pensións é unha política económica equivocada, quen mais castiga ós traballadores con salarios precarios, con contratacións precarias, e con esa vía é moi difícil que o sistema poda sosterse. O BNG entende que para manter un sistema público de pensións, que non é nada graciable, senón que son os propios traballadores quenes ó longo de toda unha vida pagan para ter dereito á pensión é a fórmula mais xusta de poder redistribuír a riqueza dun Estado, é a forma de igualar e manter unha pensión digna para todas as persoas que traballaron ó longo da súa vida.

Tampouco se pode admitir ter que recibir leccións de quen dedicou esa hucha, chamada fondo de reserva, que xa se expresou antes polo grupo socialista que tiña mais de 66 mil millóns de euros e non foron para o pago de pensións, senón que en boa medida foron para financiar ó propio Estado con préstamos e mesmo para o rescate bancario.

Cree o Alcalde que é importante que na sociedade siga habendo esta demanda de entender as pensións como algo básico do estado de benestar igual que a sanidade, a educación, os servizos sociais, é algo fundamental, sen eso non ten sentido o Estado, porque ir á vía americana de que cada quen mediante aportacións ós fondos privados poda resolver o seu problema, nin siquera é unha alternativa porque moitos deses fondos non teñen unha alternativa positiva e ó mesmo tempo só propiciaría unha maior desigualdade, por eso o BNG mantén o seu apoio á moción, e se grupo socialista quere sumar o seu apoio, o BNG está disposto a admitir ese conxunto de propostas e trasladándolle as discrepancias en relación ás políticas que no pasado o Partido Socialista ten tido. Se o grupo socialista non acepta esta posición o BNG mantería a moción nos termos presentados. Se hai aceptación é tamén porque se vai facer a favor da proposta, se o Partido Socialista non quere votar favorablemente porque considera que é insuficiente o BNG mantería a súa proposta lóxicamente.

A portavoz do grupo socialista manifesta que votará a favor se se inclúen os puntos que o Alcalde enumerou anteriormente como aceptados.

En resumo, conclúe o Alcalde, á moción presentada únense os puntos 2, 3, 4, 6 e 7 da enmenda transaccional presentada polo grupo municipal socialista.

Finalmente, sometido o asunto a votación aprobouse a moción presentada polo BNG **sobre o mantemento de pensións dignas para os galegos e as galegas** por acordo da maioría absoluta cos votos favorables do BNG (9) e PSdeG-PSOE (1), co voto en contra do PP (2), previa aceptación polo grupo municipal do BNG dos puntos 2, 3, 4, 6 e 7 da enmenda presentada polo grupo socialista quedando a parte resolutiva redactada nos seguintes termos:

ACORDO

PRIMEIRO. Instar á Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno español para que proceda a:

- *Derrogación das reformas laborais, e en especial: Real Decreto Lei 10/2010, de 16 de junio, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, a Lei 35/2010, de 17 de setembro de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo, Real Decreto-Lei 20/2012 do 19 de xullo, Real Decreto-lei 3/2012 de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, o Real Decreto-lei 5/2013 de 15 de marzo de “medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo, o Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego. Así como de todas a demais normativas que as desenvolven.*
- *Á aprobación dunha nova lexislación laboral e social que restituía os dereitos perdidos como consecuencia das sucesivas contrarreformas laborais que favoreza dereitos e regulacións novas que melloren as condicións de vida e de traballo e fortalezan á clase traballadora diante do capital, para favorecer a creación de emprego de calidade como mellor vía para garantir ingresos que permitan o pago das pensións.*
 - o *Recoñecendo o dereito á xubilación ordinaria aos 65 anos.*
 - o *Estabelecer o cálculo da base reguladora polas bases de cotización dun período de quince anos da súa vida laboral a elixir pola traballadora ou traballador.*
 - o *Estabelecer o cálculo da base reguladora polas bases de cotización dun período de 15 anos da súa vida laboral.*
 - o *Estabelecer o importe da pensión mínima no equivalente ao 60% do salario medio.*
 - o *Estabelecer a actualización anual en base ao IPC.*
 - o *Eliminar as penalizacións e discriminacións no acceso á pensión das persoas empregadas a tempo parcial.*
 - o *Reclamar para Galiza a xestión da Seguridade Social, como xa contempla o Estatuto de autonomía.*
 - o *Demandar que as empresas, con centro de traballo en Galiza paguen os impostos e as cotización sociais aquí.*

SEGUNDO. Instar á Xunta de Galiza a incrementar a contía do “Fondo extraordinario, perceptores subsidios e pensións non contributivas”, de xeito que cada persoa prestataria de pensión non contributiva perciba un incremento de 100 euros mensuais na mesma.

TERCEIRO. Garantir o poder adquisitivo das pensións, recuperando a actualización das mesmas conforme ao IPC.

CUARTO. Eliminar o factor de sustentabilidade establecido polo PP na Lei 23/2013, que reducirá as pensións de xubilación en función da esperanza de vida da cohorte correspondente a partir do 1 de xaneiro de 2019.

QUINTO. Racionalizar os gastos do sistema, desprazando aos Orzamentos Xerais do Estado 2018 aqueles que non corresponden a prestacións, como os seguintes gastos entre outros:

- a. As medidas de fomento do emprego (reducións de cotas, tarifas planas, etc.). Se se considera necesario manter algunha debería ser pola vía de bonificacións e a cargo do PGE.

b. Os gastos de xestión das Entidades Administrativas da Seguridade Social, do mesmo xeito que se fai co resto de organismos públicos.

5. Incrementar os ingresos do sistema:

a. Complementando o financiamento da Seguridade Social, entre outras medidas, con ingresos procedentes de impostos destinados anualmente a completar os ingresos por cotizacións ata que estes vólvanse a equilibrar dentro do sistema, por exemplo novos impostos extraordinarios á banca e ás transaccións financeiras. Pensamos que se toda a sociedade española contribuíu ao rescate das entidades financeiras, este imposto ha de servir para contribuír ao rescate do sistema público de pensións.

b. Intensificando a loita contra o emprego irregular e a fraude á Seguridade Social.

SEXTO. Mellorar a natureza protectora do sistema modernizando a xestión do Fondo de Reserva a través dunha mellora da súa regulación, recuperando o establecemento de límites á disposición de fondos con carácter anual.

SÉTIMO. Adoptar medidas específicas para ir eliminando progresivamente a brecha próxima ao 40% existente entre a contía das pensións dos homes e das mulleres (déficit de xénero):

a. Aprobación dunha Lei de Igualdade Laboral co fin de eliminar a brecha salarial, e por tanto de cotizacións, que acaba derivando en pensións máis baixas.

b. Recuperar a iniciativa legislativa socialista, incluída na Lei 27/2011 de incrementar a pensión de viuvez para maiores de 65 anos que non reciban outra pensión pública ata alcanzar o 60% da base reguladora, medida que afecta de maneira maioritaria ás mulleres.

8. Moción do PsdeG-PSOE sobre a aprobación dunha ordenanza reguladora das vivendas de uso turístico.

Da conta a portavoz do grupo socialista do PsdeG-PSOE, Zaida A. Rodríguez Camba, da moción de data 19/04/2018, núm. 1242, con seguinte texto literal:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade e dentro da denominada “economía colaborativa” estanse a producir cambios profundos no sector do aloxamento turístico. Todos/as somos testemuñas como, baixo o amparo das novas tecnoloxías dispoñibles, está medrando dun xeito significativo un novo tipo de oferta (que deica fai poucos anos era residual) conformada polas vivendas de uso turístico ou pisos e apartamentos turísticos, que están a supoñer a entrada de novos operadores e múltiples ofertantes no mercado.

Este fenómeno está o supoñer un novo tipo de competencia a que teñen que facer fronte os operadores tradicionais (hostalería), e a aparición de algúns problemas ou externalidades negativas que veñen sendo asociadas a esta actividade, como poden ser a masificación, problemas coa veciñanza local, incivismo, aumento dos prezos dos alugueres, etc.

En Galicia esta novidosa situación está regulada e recollida no Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico. Así no seu artigo 5, define o concepto de vivenda de uso turístico do seguinte xeito: *“Son vivendas de uso turístico as cedidas a terceiras persoas, de forma reiterada e a cambio de contraprestación económica, para unha estadía de curta duración, amobladas e equipadas en condicións de inmediata dispoñibilidade e coas características previstas neste decreto. A cesión deste tipo de vivendas será da totalidade da vivenda, sen que se permita a cesión por estancias, de conformidade co disposto no artigo 5.e) da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos”.*

Allariz é u concello turístico. Así foi declarado mediante resolución da Consellería de Cultura de data 7 de decembro de 1999, de conformidade có establecido no artigo 8 do Decreto 239/1998, do 30 de xullo, polo que se regula a declaración de municipio turístico galego. A vila alaricana reúne toda unha serie de requisitos de carácter histórico, monumental, paisaxístico e de conservación da natureza que a fan merecente da distinción de municipio de interese turístico galego.

Somos un referente turístico no país, e os visitantes e turistas que se achegan a nosa vila, son unha fonte importante de riqueza para a economía local. Temos unha vocación turística que hai que coidar de xeito permanente.

Un dos fenómenos que está a deparar o incremento da actividade turística é a cesión de inmobles localizados en edificacións residenciais para uso turístico, que si ben ten existido tradicionalmente, nas derradeiras datas está a experimentar un crecemento exponencial. Para elo hai que ser precavidos e estar preparados. O desenvolvemento desta actividade prodúcese polo interese das propietarias e propietarios por obter un rendemento económico, así como polo interese de determinados colectivos en utilizar esta modalidade de aloxamento.

Debemos ser capaces de compatibilizar e de respectar tódolos intereses en presenza: a protección do medio ambiente, o dereito ao descanso da veciñanza, o necesidade de preservar o uso urbanístico residencial de vivenda, e o interese pola dinamización económica e social do municipio.

Para elo resulta acaído e preciso elaborar unha Ordenanza municipal que regule as condicións de implantación do uso urbanístico de vivenda turística e alugueiro de habitacións en vivenda habitual para uso turístico. Entre outras cuestións, esta normativa municipal ten que regular:

1. As condicións do inmovible.
2. Os criterios de implantación do uso urbanístico de vivenda turística.
3. A zonificación do Concello, para esta finalidade.
4. A comunicación previa a entidade local.
5. A coordinación con outras administracións.
6. O establecemento da taxa municipal, mediante a oportuna Ordenanza Fiscal.
7. Disciplina urbanística ambiental.
8. Censo de vivendas turísticas.

Polo exposto, e co ánimo de regular unha actividade que en datas vindeiras pode ter unha incidencia importante na nosa vila, e polo que vimos a propoñer o seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Allariz, acorda elaborar unha Ordenanza Municipal reguladora das vivendas de uso turístico para harmonizar e compatibilizar a actividade hostaleira actual coas novas tipoloxías de aloxamento turístico.

Polo grupo municipal do BNG intervéñ a súa portavoz e 1ª Tte de alcalde, Cristina Cid Fernández, para sinalar que hai que agradecer, en primeiro lugar, que Allariz sexa, afectivamente, un destino turístico importante, porque son moitos anos de traballo non só por parte da administración pública senón tamén por parte do sector privado, que nos ten levado a algo que fai anos sería impensable: falar dunha problemática mais propia das grandes cidades turísticas como Madrid ou Barcelona. Allariz, afortunadamente, aínda non está nesta situación e polo tanto hai que analizar o problema desde outra perspectiva. Como se comenta na moción estamos diante un tema que é de competencia exclusivamente autonómica en calesquera das modalidades das vivendas de uso turístico. É verdade, acepta, que ten habido intentos por parte doutros concellos de regular o uso deste tipo de vivendas, a maoires da normativa autonómica, como é o caso de Valencia, pero teñen recibido sentencias desfavorables ás súas iniciativas por parte dos tribunais de xustiza, por razóns diferentes, en función da casuística de cada caso.

En Allariz agora mesmo estamos falando de nove edificacións que teñen ese uso e aqueles aspectos que se comentan na moción en realidade xa están regulados por diferentes normativas ben sexa en materia de urbanismo ou en canto ás licencias de apertura ou comunicacións previas de actividade, tamén en materia de ruidos, molestias, hai unha normativa específica. As competencias en todas estas materias xa están atribuídas por lei ben á Xunta de Galicia ou ben ós concellos. As vivendas que teñen que estar dadas de alta neste rexistro da Xunta de Galicia que precisan, tal como se menciona, comunicacións previas, licencias e demais trámites.

O BNG considera que ésto non é problema agora mesmo en Allariz, hai outras problemáticas pero non teñen que ver cos apartamentos de urso turístico que sí están dados de alta no rexistro, que están funcionando conforme á legalidade, e o que hai que facer é estar moi vixiantes en canto ó uso que se está a facer destas vivendas ou apartamentos que podan estar facendo un uso turísticos sen estar

dados de alta con tal actividade, o cal xa entraría dentro das actividades aлегales e para as cales haberá que estar moi vixiantes para que non se produzan eses casos, pero para elo non é preciso contar cunha ordenanza propia, cando en realidade xa hai unha normativa autonómica específica, como tamén están deslindadas as competencias propias da cada administración sobre a materia. Por eso cree que a normativa existente, de momento, xa é suficiente para regular esta materia e polo tanto a posición do BNG en principio non sería favorable.

Polo grupo municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, sinala que o se voto tampouco vai ser favorable e coincide en todo cos motivos expostos pola portavoz do BNG. Allariz é un concello turístico pero desde logo non é nin Madrid, nin Barcelona, nin Palma de Mallorca, nin é Sanxenxo ou Baiona, non temos os problemas que poden ter estes concellos. A oferta de vivenda, de feito, é moi superior á demanda que existe. Por outro lado, a gran maioría dos nosos visitantes non pernocta; ogallá tivéramos esa situación porque entón tamén mellorarían os ingresos por turismo. É suficiente coa normativa autonómica para regular esta materia sendo ademais a que ten competencia para elo, non é preciso actuar como un gran irmán que todo o regula, que todo o controla, porque xa está suficientemente regulado e controlado. O que sí se debe facer é un control do uso pero coas medidas e normativa establecidas, non fai falta nada mais.

Sométese o asunto a votación co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 1 (PSdeG-PSOE)

VOTOS EN CONTRA: 11
9 (BNG)
2 (PP)

Queda rechazada a moción presentada.

9.- Rogos e preguntas.

Presentadas por escrito:

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, a súa portavoz, Zaida A. Rodríguez Camba, formula as seguintes:

9.1.1 Mediante escrito de data 13/04/2018, núm. 1137 presenta un rogo nos seguintes termos: Tendo en conta a gran afluencia de visitantes que acoden de xeito habitual a capitalidade do noso concello, tense detectado que en determinadas datas, resulta incómodo e complicado atopar unha praza de aparcamento para os vehículos.

Considerando as datas que se aveciñan, nas que se incrementa considerablemente a presenza de turistas, visitantes e veciños/as de Allariz que residindo noutras autonomías ou na diáspora, se achegan a nosa vila, resulta imprescindible incrementar as prazas de estacionamento de vehículos, para que sexa unha tarefa cómoda e sinxela o aparcar e un acicate para os visitantes.

Na Praza do Pombal existen na actualidade dúas parcelas sen edificar e que están "a monte", cunha superficie total de 1.545 m², que se distribúen nunha parcela de 658 m² denominada Carreira dos Caños 12A e outra de 887 m² denominada Carreira dos Caños 12B, segundo a respectiva referencia catastral.

Chegando a un acordo cós propietarios das parcelas, sería sinxelo habilitar a superficie das mesmas para estacionamento e así poder incrementar de xeito substancial o número de prazas de aparcamento, nunha zona próxima ao centro histórico da Vila.

Por todo elo, e tendo en conta as datas e os eventos que se aveciñan no noso municipio,

ROGO:

Que por parte do Concello de Allariz se acade un acordo cós propietarios das parcelas antes descritas, para habilitar un estacionamento de vehículos provisional nas mesmas e así corrixir o déficit de prazas de aparcamento existente na actualidade na capitalidade do Concello.

Contesta o Alcalde sinalando que agradece a suxerencia e nese sentido coincide coa política que ven practicando o grupo de goberno para facilitar aparcamentos no perímetro do Casco Histórico, na capitalidade da Vila, que faciliten a actividade económica e comercial, desde a apertura de Barreira ata a praza do Pombal, camiño Lomberte, zoa de A Granxa, O Arnado, Rosalía de Castro. Nese sentido, cando se acondicionou a Praza do Pombal, co aparcamento existente, fíxose cunha parte que xa é espazo público, con outra parte que é da familia Pintado mentras non faga o aproveitamento urbanístico no solar colindante con Pardo Bazán e tamén se fixeron xestións coas familias titulares destes dous solares, pero no seu momento en ningún momento foi posible facer esa concesión, unha delas a ten como zona de pastoreo e a outra tiña un propietario que non considerou de momento esa cesión; seguimos esa política pero non foi posible. Coincide na conveniencia de poder usar estes espazos para aparcamento mentras non teñen un uso definido pero de momento estas son as xestións realizadas polo concello con ese resultado e seguirá insistindo para ver se hai un cambio de actitude.

9.1.2 Mediante escrito de data 23 de marzo de 2018, formula o seguinte rogo:

Fai escasos días tivo lugar na R/ da Granxa de Allariz un desafortunado accidente, no que un vehículo se precipitou dende a zona de aparcamento deica o xardín.

Como queira que esta rúa foi recentemente acondicionada, e tendo en conta o acontecido, e para evitar que no futuro poidan contecer percances desta natureza,

ROGO:

Que por parte do Concello de Allariz se proceda a instalación dunha barreira de protección e seguridade no desnivel existente entre a zona de estacionamento da R/ da Granxa e o xardín do parque do Portovello, fronte a fábrica de coiro.

Contesta o Alcalde sinalando que na última intervención, asfaltado e pintado desta zona de aparcamento viuse que xa se deixaba un espazo suficiente con respecto ó desnivel existente e seguramente neste caso tivo que tratarse dunha situación excepcional atribuíble exclusivamente ao conductor dese vehículo. En todo caso, trasládase esta cuestión ós servizos técnicos para que valoren se consideran necesario facer algún tipo de intervención coa instalación dalgún obstáculo.

Oralmente a portavoz do grupo municipal socialista formulou as seguintes:

- 9.2.1 Apelando á tradición de esquerdas da que falaba a concelleira de promoción económica do BNG recorda que se ven incumprindo o acceso á información conforme prevé o artio 97.6 do ROF, ten sen contes o tema dos hortos, a enquisa dos visitantes, as subvencións concedidas ó tecido asociativo do concello que non aparecen nos orzamentos, e dado que o equipo de goberno ten dificultades porque en todos os plenos se lle recorda o mesmo para trasladar en tempo e forma a información ou o acceso ós expedientes municipais roga que se habilite unha fórmula de consulta para os sábados en horario de mañá para dar cumprimento a este mandato legal.

Contesta o Alcalde sinalando que se valorará esa situación, en todo caso, a inmensa maioría das peticións son contestadas, por outra parte os grupos municipais teñen a posibilidade de estar presentes en todas e cada unha das mesas de contratación, tribunais de selección, e polo tanto, desde esa perspectiva, o que se ten feito é trasladado ou poñelo a disposición porque non parece lóxico dar copia desa documentación, no seu lugar tense posto a disposición a través do Sr. Secretario, algunha destas cuestións; algunha nin siquiera ten documentación municipal de órganos como pode ser a valoración das enquisas feitas en relación á valoración dos turistas e visitantes. Non obstante, toma en consideración esa proposta e verase se é posible poñela en marcha.

9.2.2 ¿Cáles son os motivos polos que se mudou a data de celebración da andaina en Allariz para o 2018?.

Contesta o Alcalde sinalando que, básicamente, a coincidencia coa Festa do Boi condiciona todo o calendario e a partir de eí a ampla póitica de eventos que o concello ten, iste fin de semana temos campionato de hípica, estamos presentes na feira de espazos verdes de Ponte de Lima, vimos de celebrar co CEIP a Festa dos Maios... son eventos importantes para a loxística municipal. Tamén é certo que da concepción da andaina inicial ten habido unha variación substancial e desde o concello entendíase que era bo facer un cambio que romperá a rutina para non repetir o trazado da andaina de todos os anos e por outro lado os 50 kms que se facían reducía o número de participantes que por outro lado esixe unha loxística e un apoio importantes, moi valorada polos participantes, óptase por unha alternativa que vai permitir cada ano coñecer zonas e espazos específicos singulares do concello ó tempo que se pode acortar a distancia para poder facer durante a mañá o recorrido e facelo mais asequible ó conxunto dos participantes.

9.2.3 Ten coñecemento de que en algunhas zonas do Casco Histórico as ratas pululan, especialmente pola rúa Lobariñas, téñense visto en mais dunha ocasión. Por outro lado, entre a Oficina de Información e a ponte de San Isidro hai un espazo que está bastante mal acondicionado, xustamente nunha das portas de entrada á Vila, concretamente na parede da escaleira que baixa ó Museo do Coiro vense tuberías, cemento mal dado, e non parece a mellor maneira de presentar a entrada á Vila.

Contesta o Alcalde sinalando que, en relación ó asunto das ratas, existen o cal é necesario para o ecosistema e no caso do Casco Histórico, dadas as súas características do enlousado e das canalizacións non descarta que haxa algunha circunstancia desas características; tense feito polo concello actividades de desratización pola concellería de medio ambiente e mesmo se teñen feito contratacións externas.

En relación coa outra cuestión, hai pendente por parte da brigada municipal unha adecuación para a ampliación da beirarrúa no tramo anterior á propia Oficina de Información e trasladaranse estas suxerencias de mellora do espazo que hai que recoñecer que ten tido un acondicionamento moi recente coa entrada á Alameda, das beirarrúas en O Piñeiro, e con todo o asfaltado do entorno da rúa A Granxa e entrada ó Festival de Xardíns mellorando significativamente ese espazo. Toma en consideración a suxerencia.

Polo grupo municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, formula oralmente as seguintes:

9.3 Manifestar a queixa de non dispoñer en tempo e forma da proposta de transacción presentada por escrito polo grupo socialista da que tivo coñecemento o BNG e da que o Partido Popular non tivo coñecemento, de feito, a estas alturas, ó final do Pleno, os puntos 2, 4, 6 e 7 da proposta oíronse de palabra pero non se tiveron por escrito. Non parece lóxico que esta situación sexa así. Se se presentan verbalmente é unha cousa pero se se presentan por escrito terá que darse traslado a todos os grupos.

Contesta o Alcalde sinalando que a normativa en relación á documentación que ten que estar a disposición dos concelleiros e concelleiras é clara nise sentido, non só se cumpre pondo a disposición dos concelleiros e concelleiras nas oficinas municipais senón que telemáticamente por vía electrónica o Sr. Secretario envía todos os asuntos a todos os concelleiros. Non obstante, hai que ter en conta que as enmendas van dirixidas fundamentalmente á moción que presenta un determinado grupo, se a enmenda fora dirixida a unha moción do Partido Popular tería lagunha razón de queixa se non tivera coñecemento do escrito de enmenda; mesmo se poderían facer directamente no propio Pleno, como recoñece o propio concelleiro, o cal é bastante habitual facelas de viva voz. No trámite de intervención que tivo a portavoz do grupo socialista todos fixo unha intervención tan detallada que mesmo lle deu lectura e polo tanto, tómase nota da queixa e poderase intentar se é posible se entran en tempo e forma remitir estes escritos a todos os grupos, porque o propio grupo socialista só pudo mandar a enmenda con posterioridade á convocatoria. En definitiva, nos casos en que sexa posible, co ánimo de transparencia, non ten inconveniente en trasladar escaneada e por correo electrónico a proposta de transaccións que se poda formular.

Se así se acorda así se fará, engade o Secretario, porque se trata dunha enmenda que presenta un grupo político determinado que tamén se pode presentar de viva voz directamente na propia sesión plenaria. Non hai ningunha disposición no ROF de traslado a todos os grupos. En algunha ocasión que se presentou por escrito unha enmenda tense pedido autorización ó grupo propoñente para trasladar a enmenda ós restantes grupos. A obriga de secretaría é darlle traslado do escrito ó Sr. Alcalde e ó equipo de goberno e tendo en conta que vai dirixida e ten que ver cunha moción concreta dun grupo determinado.

Feitas as aclaracións legais, sinala o Alcalde, que por parte do grupo de goberno non hai inconvincente en dar a maior facilidade para os propios concelleiros, polo tanto naqueles casos en que materialmente sexa posible trasladaríanse a todos os concelleiro, mesmo non ten inconvincente en que tamén se trasladen a todos os rogos e preguntas formulados por escrito.

- 9.4 Un tema que é recorrente e que o Partido Popular xa ven dicindo dende fai anos, a pesar de que o Alcalde sigue dicindo de que o 99% dos habitantes do medio rural teñen saneamento, eso non é así, solicita que se proceda a dotar de saneamento en San Martiño, na parte que está na estrada cara a Rodicio, ahí hai unha serie de casas que carecen de saneamento e teñen o mesmo dereito a dispor de saneamento público que as demais casas.

Contesta o Alcalde sinalando que non só di que ten o servizo o 99%, nós temos no medio rural mais saneamento que ten a cidade de Ourense que ten Celanova, que teñen outros concellos. A casuística concreta á que se refire o concelleiro que o Alcalde coñece, como coñece todo o seu territorio, despois de 18 anos na alcaldía é dunha única vivenda que ten a súa fosa séptica e que non quere conectar, como alternativa que ten, ó saneamento municipal existente porque ó non dar o nivel a única forma para facelo é facer unha pequena arqueta con bombeo para trasladalo á rede municipal. É algo que o señor non quere facer e o concello o que fai é colaborar na limpeza desa fosa séptica que ten a casa pagando o 50% dos gastos. Se o que o concelleiro pide é que se faga unha fosa séptica con cargo aos fondos municipais para unha única vivenda e gastar 20 ou 30 mil euros cree que hai outras necesidades prioritarias por parte do concello.

Hai como mínimo, engade o concelleiro do Partido Popular, tres vivendas que carecen do saneamento.

Intervén por último a portavoz do grupo municipal socialista, Zaida A. Rodríguez Camba, para presentar un rogo formulado nos seguintes termos: dada a sentenza vegoñenta que se acaba de coñecer sobre o caso coñecido como de "*la manada*" gustaría lle perdirlle ó Pleno que manifestara o seu rechazo e condena a ese tipo de sentenzas machistas e vergoñentas. En definitiva, pedirlle ó Pleno que todos aqueles que queiran adherirse a ese profundo rechazo fronte á sentenza que se coñeceu onte.

Intervén o Alcalde para sinalar que se ningún concelleiro ou concelleira expresa nada en sentido contrario, pero estamos nun apartado de rogos e preguntas polo tanto a adopción de acordos nos termos de mocións ou similares non cabe, o que sí cabe é entender que a corporación municipal expresa ó remate da mesma unha crítica ou rechazo fronte a esa sentenza seguindo tamén todas as denuncias e as críticas que miles de persoas teñen feito unha vez coñecida a mesma por entender que claramente chove sobre mollado en relación á cultura machista que é necesario desterrar e a violencia contra a muller no caso da violación, aínda que así a sentenza non o recollera.

O Alcalde expresa que se podería convocar un Pleno extraordinario cun punto nese sentido.

A portavoz do grupo municipal socialista manifesta que non sabe cal sería a fórmula axeitada para facer esto pero insiste en que ela persoalmente quere manifestar o seu profundo rechazo e o do grupo municipal socialista a esta sentenza vergonzosa e que supón unha infamia para todas as mulleres. Se voste non está de acordo, afirma dirixíndose ó grupo popular, deixe que os demais o fagamos.

Como é un rogo, desde o punto da normativa do ROF, afirma o Alcalde, un rogo que expresa a portavoz do grupo municipal socialista e o Alcalde e o grupo municipal do BNG coinciden absolutamente con esa crítica.

O Secretario expresa que eso sí é posible [refírese á formulación como rogo] pero non se pode adoptar ningún acordo.

O Alcalde acepta que non se adopta ningún acordo. Hai un rogo ó que o grupo de goberno lle da o seu apoio nos termos expresados.

E non tendo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás vinteunha horas e trinta minutos do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.

O ALCALDE, Francisco García Suárez.

Dou fe, o Secretario, Maximino Jardón Pedras.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE
